

Programación do traballo na casa para a semana do 30 de marzo ao 3 de abril da materia HMC, 1º Bacharelato.

En vista da prolongación do estado de alarma e para avanzar na materia fago a seguinte suxestión de temporalización para traballar na casa. Iniciamos novo tema, o **tema 12** do libro de texto (páx. 270 a 289) que leva por título "**A Guerra fría**" e que se estrutura en 4 epígrafes. Un primeiro epígrafe introdutorio, no que se define e caracteriza o fenómeno, ao que seguen 3 epígrafes nos que se aborda a súa evolución crono-espacial, correspondéndose cada un deles con unha das fases nas que se adoita dividir para o seu estudo:

1. Xénese da Guerra Fría (1945-47)
2. A máxima tensión (1948-53)
3. A coexistencia pacífica (1954-75)
4. Rebrote e final da Guerra Fría (1976-91)

A miña recomendación é dedicar unha sesión de traballo aos epígrafes 1 e 2 e dúas sesións aos epígrafes 3 e 4, empregando os recursos da Aula Virtual (eixe cronolóxico, mapa conceptual, presentacións e vídeos) e facendo as actividades e tarefas que se indican:

1ª sesión:

- Traballo co epígrafe **1. A xénese da Guerra Fría** [1945-1947] (páxs. 272-274). Ao rematar deberíamos ser capaces de definir Guerra Fría como un período das relacións internacionais e os seus trazos básicos; comprender como se pasa da colaboración na II GM para derrotar ao fascismo e nazismo á desconfianza (doutrina Truman vs doutrina Jdánov) e explicar os primeiros episodios en Irán e Grecia.

- Actividades do libro de texto: 2, 5 e 6 da páxina 274.

2ª sesión:

- Traballo co epígrafe **2. A máxima tensión** [1948-1953] (páxs. 275-277). Ao rematar deberíamos de ser capaces de explicar a primeira crise de Berlín (bloqueo, creación da RFA e RDA) que remata coa división de Europa en dous bloques antagónicos, económicos (Plan Marshall vs COMECON) e militares (OTAN vs Pacto de Varsovia) e deberíamos entender a intervención de EEUU en Corea e os tratados defensivos (SEATO, Pacto de Bagdad, tratados bilaterais) como un intento de conter a expansión do comunismo en Asia trala proclamación da R.P. China (*teoría do dominó* que tamén explica a posterior intervención en Vietnam) e de controlar as rutas marítimas internacionais. No plano interior deberíamos analizar o fenómeno da "caza de bruxas" como un efecto da reprodución do bipolarismo no interior de EEUU e a consecuente represión da disidencia política e cultural.

- Actividades do libro de texto: Doc. 7 da páxina 275; Actividades 7, 8 e 12 da páxina 277.

3ª e 4ª sesión:

- Traballo co epígrafe **3. A coexistencia pacífica** [1954-1975] (páxs. 278-284). A pesar da denominación desta fase temos que ter claro que neste período teñen lugar conflitos moi graves -crise dos mísiles cubana e guerra de Vietnam - que se alternan coa negociación para regular a carreira armamentística sobre o principio disuasorio da destrución mutua asegurada -MAD, *mutual assured destruction*- (Tratado de Non Proliferación de Armas Nucleares, acordos SALT I e II) e cun achegamento entre a Europa occidental e a oriental (*Ostpolitik* de Willy Brandt e "espírito de Helsinqui"). Os factores que explican a orixe da distensión son múltiples -fin do monopolio nuclear de EEUU; cambio de liderado político (Kruschev/Eisenhower/Kennedy); a disidencia interna - bloque oriental: Polonia, Hungría(56) e Praga(68) e no bloque occidental a Francia de De Gaulle (3ª vía)-; a ruptura chino-soviética; a descolonización e o movemento dos países "non aliñados" (conferencias de Bandung e Belgrado)- e distintos dos que se dan ao final do período nos anos 70 -final ou negociación dos principais conflitos (Vietnam e árabe-israelí); aparición de novos centros de poder (China, CEE e Xapón); e as negociacións xa mencionadas (para frear a carreira de armamentos e parar mellorar as relacións entre Europa Occidental e o bloque soviético); as correntes pacifistas -.

Actividades do libro de texto: Doc. 19 páx. 282 e actividades 14 e 17 da páx. 284.

5ª e 6ª sesión:

- Traballo co epígrafe **4. Rebrote e final da guerra fría [1976-1991]** (páxs. 285-289). A "nomenklatura" soviética aproveita a decadencia de EEUU (derrota de Vietnam e crise de débeda e petrolífera) para lanzar unha "ofensiva" (para obrigar a Europa occidental a distanciarse de EEUU -mísiles nucleares de alcance intermedio en Europa oriental-; apoio a movementos revolucionarios no Terceiro Mundo e invasión de Afganistán) á que seguirá a reacción de EEUU para restablecer a súa hexemonía (Reagan: euromísiles; "guerra das galaxias"; intervención en Hispanoamérica e apoio a guerilla antisoviética en Afganistán). O enorme gasto militar (Afganistán, presenza en Europa Oriental, carreira armamentista aberta pola "guerra das galaxias"...) e as reformas aperturistas emprendidas por Mikhail Gorbachov conducirán ao colapso económico e á disolución da URSS (revolucións democráticas; caída do muro de Berlín; unificación alemá) que, xunto aos movementos de carácter pacifista e antinuclear en Europa occidental e de cuestionamento do comunismo no bloque comunista, suporán a fin da Guerra Fría (proclamada oficialmente no cumio de Malta e coa disolución do Pacto de Varsovia).
- Actividades do libro de texto: 20, 21 e 24 da páx. 289.

TAREFAS

1. Os seguintes documentos serven de base para facer unha composición sobre a xénese da guerra fría, co paso da cooperación á desconfianza mutua e á formación de bloques antagónicos. Para facelo primeiro identifica aos autores, a posición que representan e o contexto europeo naquel momento. Explica as diferentes análises que fan da situación os 3 documentos e de que se acusan mutuamente nos docs. 4 e 7. Compara as motivacións expostas no Doc. 1 co que se afirma no Doc. 7 e relaciónao coa resposta soviética. Como conclusión explica as consecuencias que tivo o enfrontamento reflectido nos Docs. 4 e 7 e a posta en práctica do plan do Doc. 1.

DOC.1 O PLAN MARSHALL

A verdade da cuestión é que as necesidades de Europa para os vindeiros tres ou catro anos en alimentos e outros produtos esenciais procedentes do exterior, principalmente de América, son tan superiores á súa presente capacidade de pagamento, que teñen que recibir unha axuda adicional substancial ou enfrontarse cunha deterioración económica, social e política dun carácter moi grave.

É lóxico que os Estados Unidos fagan canto estea no seu poder para axudar a volver a unha saúde económica normal no mundo, sen a cal non cabe estabilidade política nin paz segura. A nosa política non vai dirixida contra ningún país, nin ningunha doutrina, senón contra a fame, a pobreza, a desesperación e o caos. O seu obxectivo debe ser a volta á vida dunha economía operante no mundo, de forma que permita a aparición de condicións políticas e sociais nas que poidan existir institucións libres.

Discurso de George Marshall, 1947.

DOC.4 DOCTRINA TRUMAN

Coido que os Estados Unidos teñen o deber de axudar os pobos libres que se resisten a seren escravizados por minorías armadas ou por presións exteriores. Creo que debemos axudar os pobos libres a forxaren o seu propio destino. A semente dos réximes totalitarios hai que buscala na miseria e na indixencia. Cando toda esperanza dunha vida mellor desapareceu, é cando o totalitarismo atopa o seu camiño (...).

Cada nación ten que escoller entre dúas formas de vida opostas (...). Unha baséase na vontade da maioría e caracterízase polas súas institucións libres, por un goberno representativo, por eleccións libres, pola garantía de querer manter as liberdades individuais e pola ausencia de calquera opresión política (...). A outra fundaméntase na vontade dunha minoría imposta pola forza á maioría. Baséase no terror e mais na opresión, ten unha prensa e unha radio controladas, unhas eleccións trucadas e a supresión das liberdades persoais (...).

Discurso de Truman á Cámara de representantes, 1947.

DOC.7 DOCTRINA Jdanov

Salvando un país da fame e da ruína, os monopolios estadounidenses teñen a intención de privalo da súa independencia. A axuda norteamericana supón automaticamente a modificación da liña política do país que recibe esta axuda. Así soben ao poder partidos e personalidades que, obedecendo as directrices de Washington, están dispostos a levar a cabo, nos campos interior e exterior, o programa desexado polos EUA (...).

Ao rematar a guerra puxéronse de manifesto as dúas principais direccións da política internacional, que corresponden á división en dous campos principais das forzas políticas que na actualidade operan no mundo: o campo antiimperialista e democrático e o campo imperialista. Os Estados Unidos son a principal forza dirixente do campo imperialista. Inglaterra e Francia están estreitamente unidas a este país (...). A URSS e os países da nova democracia son a base do campo antiimperialista.

Informe de A. Jdanov sobre a situación internacional, 1947.

2. Os seguintes documentos serven de base para facer unha composición sobre a Coexistencia Pacífica e a carreira armentista. Identifica aos autores e compara a postura de cada un deles en canto ao emprego das armas nucleares, relacionándoa co contexto. Explica en que consistiu e como se solucionou a crise á que se refire o discurso de Kennedy e as consecuencias que tivo na relación entre as dúas superpotencias.

DOC.3 A DISUASIÓN ATÓMICA

En primeiro lugar, para previr a guerra, o noso sistema de defensa debe estar dotado dun potencial nuclear de represalias de tal magnitude que convenza os soviéticos de que todo ataque dirixido contra nós ou contra os nosos aliados tería como resultado, independentemente dos danos que nos causaría, a destrución do seu propio país.

Discurso de Eisenhower, 1952.

Non nos arriscaremos prematuramente e sen ningunha necesidade a unha guerra nuclear, pero tampouco nos negaremos a considerar este risco (...). Polo tanto, para impedir a posta en funcionamento dun dispositivo militar ofensivo, aplícarase unha corentena sobre calquera equipo militar dirixido a Cuba (...). Os EUA considerarán os posibles lanzamentos de mísiles procedentes de Cuba contra calquera nación do continente americano como un ataque da URSS aos Estados Unidos. Este ataque esixiría unha resposta a grande escala contra a URSS (...).

Discurso de J. F. Kennedy ao pobo estadounidense, 1962.

DOC.1 KHRUSCHEV E A COEXISTENCIA PACÍFICA

Tan só hai dúas saídas: ou a guerra, e hai que dicir que a guerra, en tempos de mísiles e da bomba H, habería de ter unhas consecuencias gravísimas para todos os pobos; ou a coexistencia pacífica. (...).

Vivir en paz e como bos veciños ou ir cara a unha próxima guerra: esta é a opción ante a que nos atopamos a Unión Soviética, os Estados Unidos e o mundo enteiro. Unha terceira non existe, se non é que un de nós opte por mudarse a outro planeta. Os soviéticos non nos atopamos completamente mal sobre a Terra e coido que vós non tedes intención de reservar billetes para a Lúa.

(...)

Non fago un chamamento a compartir a nosa concepción do mundo e non creo que vós pretendades converternos ao capitalismo. Tan só propoño que compartamos o mesmo mundo (...).

Fragmentos reelabwwe dous discursos de Khrushchev pronunciados nos anos 1959 e 1960.

1 ANALIZA O MAPA



- Tema e cronoloxía.** Que espazo abrangue o mapa? Que se representa nel? En que época se sitúa? Ponlle un título.
- Descrición e análise.** Explica o significado dos símbolos. Que territorios se aliñaban con cada un dos bloques? Como se manifesta a presenza militar estadounidense e soviética

no mundo? Onde se localizaron os principais conflitos da Guerra Fría?

- Contexto histórico.** Relaciona este mapa coa Guerra Fría.
- Valoración.** Coidas que este mapa xustifica a expresión "equilibrio do terror"?